



Comité de Entidades de representantes  
de persoas con Discapacidade de Galicia



**Manifesto CERMI GALICIA**  
**DÍA INTERNACIONAL E EUROPEO DAS**  
**PERSOAS CON DISCAPACIDADE**  
**3 de decembro do 2013**

“SOS Discapacidade.  
Dereitos, Inclusión e Benestar a Salvo 2013”

D<sup>o</sup> Anxo Queiruga (Presidente CERMI Galicia)

Neste día tan importante para as Persoas con Discapacidade, como movemento organizado da Discapacidade en Galicia que aglutina a 200.000 persoas e familias, temos a obriga de apelar ao mellor da nosa sociedade e dos nosos gobernantes para que os dereitos alcanzados non teñan retrocesos nestes tempos dunha crise económica aterradora, como nunca se viu, e que parece cebarse cos máis fráxiles, poñendo en risco as humildes cotas de inclusión e participación alcanzadas con tanto esforzo polas persoas con discapacidade e familias nestas últimas décadas.

Ao longo dos anos, as persoas con discapacidade e as súas familias fomos unha minoría discreta e illada, imperceptible para os poderes e autoridades, e para a sociedade. Fomos pacientes, e ata lentos, á hora de reclamar os nosos dereitos, violados en numerosas ocasións e en múltiples ámbitos. Non levantamos demasiado a voz para sinalar a evidencia de que a discapacidade é unha cuestión aínda non resolta, o que levou a pensar a algúns que ao non se oír berros, non había ningún problema. Pero ser pacientes non quere dicir en absoluto que sexamos pasivos, nin menos aínda submisos; ser discretos non significa que non existamos e que, polo tanto, non teñamos presenza e entidade social. Ser pausado non significa que toleremos a vulneración dos nosos dereitos e consintamos retrocesos.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Muiña (FAXPG)

O ámbito social actual evidencia a falta de accesibilidade universal para as persoas con discapacidade, así como que o fomento da autonomía persoal é un espellismo. Isto leva consigo a unha falta de integración xerando un illamento social e comunicativo no ámbito próximo, e en moitos casos, extremo.

D<sup>a</sup>. Pilar Alonso (FADEMGGA FEAPS)

MANIFESTAMOS: Que dado que se ninguén o remedia, tal como expón o CERMI nacional, estamos a un paso de que a discapacidade sexa considerada zona catastrófica.



Por iso reivindicamos que o actual cambio de modelo de prestación de servizos que está a realizar a Administración Galega, coa implantación da carteira de servizos, non supoña o desmantelamento dos sistemas de apoio que actualmente temos e que tanto esforzo supuxo conseguir para o movemento asociativo da Discapacidade e as súas familias. E que ademais están a dar a resposta ás necesidades que tanto as persoas como as familias precisan e demandan de xeito eficaz e eficiente.

**POR ISO PEDIMOS:**

**NON MÁIS CAMBIOS PARA NÓS SEN NÓS.**

**NON MÁIS RECORTES.**

**NON MÁIS COPAGOS SOBRE AS XA RAQUÍTICAS PENSIONES.**

*D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Ángeles Dosil (COGAMI)*

Por todos está recoñecido que o emprego é un dos principais instrumentos para a inclusión social e participación cidadá das persoas con discapacidade, igual que para o resto da sociedade.

Historicamente o grupo social das persoas con discapacidade vimos padecendo enormes atrancos no acceso ao emprego, como demostran de xeito reiterado as estatísticas do servizo público de emprego, onde a taxa de actividade das persoas con discapacidade é, como mínimo, de 39 puntos menor que o resto da poboación, é dicir, o 76 por cento, unha de cada 4 persoas con discapacidade nin traballa nin busca traballo.

En definitiva, pedímoslle o máis amplo compromiso para que nestes tempos as persoas con discapacidade non desaparezcamos completamente do mundo laboral, en dirección á exclusión e á marxinalidade.

*D<sup>o</sup>. Carlos García (FEAFES Galicia)*

Neste Día Internacional da Discapacidade, queremos alzar a voz a favor das persoas con Discapacidade e reivindicar a nosa valía, así como declarar unha vez máis a nosa loita manifesta contra o estigma que sofre este colectivo. A proposta de reforma do Código Penal, xa aprobada polo Goberno e que se atopa actualmente en trámite parlamentario, arremete unha vez máis contra os nosos dereitos e dificulta a rehabilitación das persoas con discapacidade. O noso colectivo non precisa que se nos vixie, senón que nos faciliten apoios, dispositivos e intervencións axeitadas. Somos as primeiras vítimas das nosas enfermidades e sufrimos na nosa pel as consecuencias para o que non hai suficientes recursos.

*D<sup>o</sup>. Elías Ledo (DOWN Galicia)*

Demandamos e esiximos unha educación inclusiva plena de acordo coa Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, á que se adheriu o Estado español, e rexeitamos de pleno a nova normativa da LOMCE, contraria a ditos dereitos.



*D<sup>o</sup>. Adrián Márquez (AUTISMO Galicia)*

Reclamamos a necesidade dunha inclusión e participación na sociedade que abrangue todos os eidos da vida, dende a educación ata o emprego, pasando pola vida social. Só así, co apoio de toda a sociedade, lograremos a verdadeira inclusión. Para lograr esta inclusión real, apostamos pola especificidade na atención; non se trata de dar café para todos, senón de dar a cada quen a atención que necesita.

*D<sup>o</sup>. José Luís Vazquez (FAGAL)*

É precisa unha política activa de atención e defensa dos dereitos das persoas con Discapacidade, dende a que se dea resposta tanto dos recursos especializados coma das necesidades de cada un deles, adaptándoas ás condicións do enfermo e á súa contorna así como fomentando o diagnóstico precoz.

É prioritario, ademais, o recoñecemento da función da familia ou cuidador como sostén das atencións ás persoas con dependencia.

*D<sup>a</sup> Natalia Gestoso ( FEGADACE)*

Facemos un chamamento a que non só non descendan, senón a que se incrementen os recursos para a atención ás persoas con discapacidade.

O noso SOS é un chamamento a que todas as persoas con discapacidade poidan acceder aos recursos para a rehabilitación interdisciplinar que necesitan e á que teñen dereito.

Necesitamos que esta "epidemia silenciosa" cada día o sexa menos, que a nosa inclusión social estea garantida en igualdade de dereitos e de acordo coas nosas necesidades.

*D<sup>a</sup> Norma López (CERMI Galicia)*

Advertimos da existencia de formas agravadas de violencia contra a muller con discapacidade, que persisten na nosa sociedade entre os que padecen unha situación máis vulnerable pola concorrencia de factores de exclusión social, como a discapacidade, a pobreza e o desemprego, ademais do feito de ser muller sen que se tomen medidas ao respecto.

*D<sup>o</sup> Anxo Queiruga (Presidente CERMI Galicia)*

As persoas con discapacidade e as nosas familias somos, estamos e contamos; e reclamamos agora con toda firmeza compartir como os demais un espazo social construído sobre bases diferentes. Un espazo social aberto a esta parte da diversidade humana, que a acolla e a respecte, e que permita liberar o enorme potencial que encerra.



*Comité de Entidades de representantes  
de persoas con Discapacidade de Galicia*

Pedir a través destas verbas o apoio incondicional dos nosos gobernantes ás políticas integradoras para manter, senón incrementar, os nosos logros e seguir coa loita pola inclusión social na nosa comunidade e deixar a tras a exclusión social á que estabamos abocados.

3 de decembro do 2013

CERMI GALICIA